

## ADDENDA Á CONVOCATORIA DE MOBILIDADES DE ESTUDANTES PARA ESTUDOS

### SMS – KA103 PARA MOBILIDADES ENTRE PAÍSES DO PROGRAMA

CURSO 2020/2021

A petición da Xefatura de Estudos e das Xefaturas de Departamento dos Estudos Superiores de Produto e dos Estudos Superiores de Moda, faise pública a seguinte corrección á convocatoria de mobilidades de estudantes para estudos, SMS, KA103, para o vindeiro curso 2020/2021:

O apartado da convocatoria "Requisitos", dentro da parte "Requisitos específicos", queda redactado como sigue:

#### Específicos

Formar parte do alumnado das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, estando ao corrente de pagos de matrícula, con 100 créditos ECTS superados no momento de realizar a solicitude. Para poder asinar o convenio Erasmus+, serán requisitos imprescindibles que a alumna ou alumno cumpla o seguintes requisitos en Xullo 2020 (na convocatoria **extraordinaria** de 3º curso)

1. Ter superado como mínimo 135 créditos ECTS,
2. Ter superados todos os créditos asociados a disciplinas obrigatorias de 1º e 2º curso,
3. Non estar en situación de 5ª convocatoria para o curso seguinte en ningunha materia.

Esta resolución foi tomada en reunión da dirección (director, Santiago Riande Torres, xefe de estudos, Juan Adrio Fondevila e vicedirectora e coordinadora de programas internacionais, Raquel Anta Barragán), coa xefa do departamento de Moda, Elisa González Penas, e o xefe do departamento de Produto, Ángel Lázaro Sastre, celebrada o día 7 de febreiro de 2020.

En Santiago de Compostela, a 17 de Febreiro de 2020

  
